


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ITINERARIO GASTRONÓMICO E PARA OUTRAS ACTUACIÓNS QUE CONTRIBÚEN Á PROMOCIÓN E MANTEMENTO DO CAMIÑO FRANCÉS.

En Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017

REUNIDOS



Dunha parte, Dona María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016) e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra parte, Don Juan Serrano López, no nome e representación da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, en calidade de presidente.

As partes, no nome e representación na que concorren recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para este acto, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. O Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación máis importante do vello continente, encontro de culturas e orixe da unidade de Europa.

O Consello de Europa, na súa declaración do 23 de Outubro de 1987, manifesta que a dimensión do humano da sociedade, as ideas de liberdade e de xustiza e a confianza no

progreso son principios que foron conformando historicamente as distintas culturas que integran a propia e peculiar identidade europea. Esa identidade cultural fíxose posible pola existencia dun espazo europeo cargado de memoria colectiva e cruzado por camiños capaces de superar as distancias, as fronteiras e as linguas. Que a fe que animou os peregrinos no curso da historia e que os xuntou nun alento común, por riba das diferenzas e dos intereses nacionais, nos impulse tamén nesta época, particularmente aos mozos, a seguir percorrendo estes camiños para acadar unha sociedade fundada na tolerancia, a liberdade e a solidariedade.

Segundo.- O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección.

A Axencia Turismo de Galicia está, por tanto, interesada tanto na súa posta en valor, como no seu mantemento, e na súa proxección.

Terceiro.- Os artigos 73 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia regulan os Camiños de Santiago, dispoñendo no seu artigo 75 que as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco terán a consideración de bens de interese cultural.

Cuarto.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.


O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño

de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.


Quinto.- A Mancomunidad de Concellos Galegos do Camiño Francés abrangue todos os concellos desde que o Camiño de Santiago entra en Galicia ata o límite con Santiago de Compostela.

Nos seus Estatutos, publicados por Resolución do 6 de xullo de 2001, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se dispón a publicación dos mesmos no DOG (DOG núm. 155, do 10 de agosto de 2001), establecece como fins iniciais da mancomunidad os seguintes: conservación e mellora do camiño, promoción do dito camiño dentro e fóra da comunidade, deseño e execución de plans de actuación, dinamización sociocultural do camiño e defensa do camiño.

Sexto.- A Mancomunidad e a Axencia Turismo de Galicia están interesados en colaborar para a revalorización do Camiño Francés, un bo estado de conservación, así como a súa proxección e posta en valor da súa gastronomía, así como contribuír a desestacionalización, xa que a maior afluencia de peregrinos e turistas ten lugar na primavera e no verán.

 Que non procede promover a concorrência pública xa que a Mancomunidad agrupa a todos os concellos galegos polos que pasa o Camiño Francés, sendo a única entidade que pode realizar as actuacións obxecto deste convenio.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes




CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés (en diante Mancomunidade) para as seguintes actuacións:


Actuación 1. Desenvolvemento dun **itinerario gastronómico** polo Camiño Francés, a través da organización dunhas xornadas gastronómicas a desenvolver nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro, segundo o detalle que se establece no Anexo que se xunta a este convenio.

Actuación 2. Adquisición pola Mancomunidade dun coche que permita percorrer o Camiño para comprobar o seu estado de conservación, así como detecte calquera posible incidencia que poida xurdir no seu trazado.



Actuación 3. Contratación dun **técnico superior en información e comercialización turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado** que desenvolva, entre outras, as seguintes actuacións para a Mancomunidade: desenvolvemento destino SICTEC; uniformización das ordenanzas locais relativas a temas como venta ambulante, embelecemento ou sinalización; desenvolva tarefas de xestión para a Mancomunidade, ou calquera outra que contribúa á realización do obxecto da Mancomunidade e a promoción e posta en valor do Camiño Francés

A contratación deberá realizarse a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, entre persoas que figuren como desempregadas no mesmo.



SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio é de:

Actuación 1. Itinerario gastronómico:

42.500€/anualidade 2017

58.000€/ anualidades 2018 e 2019

15.500€/ anualidade 2020

Actuación 2. Adquisición coche: 25.000€


Actuación 3. Graduado en turismo: 2.600€/mes

A Axencia Turismo de Galicia financiará o total do orzamento estimado para cada unha das actuacións descritas, para as anualidades 2017, 2018, 2019 e 2020, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 04 A2 761.A 760.0, proxecto 2015 00006, con cargo á que se financiarán os gastos da actuación 1 e actuación 2, de acordo co seguinte detalle:



Anualidade	Actuación 1	Actuación 2	TOTAL
2017	42.500€	25.000€	67.500€
2018	58.000€		58.000€
2019	58.000€		58.000€
2020	15.500€		15.500€
TOTAL	174.000€	25.000€	199.000€



- 04 A2 761.A 460.0 dos orzamentos da Axencia para os anos 2017, 2018 e 2019, proxecto 2015 00006, con cargo á que se financiará os gastos da **actuación 3**, por importe total de **87.967€**, co seguinte detalle:

2017: 15.167€ (meses de agosto a decembro)

2018: 36.400€ (que se corresponden con 14 pagas de 2.000€, máis cota Seguridade Social)

2019: 36.400€ (que se corresponden con 14 pagas de 2.000€, máis cota Seguridade Social)

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Mancomunidade obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

- A **Mancomunidade** asume os seguintes compromisos:

1. A realización das actuacións establecidas na cláusula primeira.
2. Incluír en toda a documentación ou soportes empregados na realización das actuacións subvencionadas, a colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así coma a marca turística de Galicia, regulada por Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización.
3. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
4. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera

administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

5. Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

6. Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.


7. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”



8. Así mesmo, os bens que se adquiran pola Mancomunidade ao abeiro deste convenio, deberán destinarse durante un período mínimo de 5 anos ao fin concreto para o que se concede esta subvención, ao abeiro do disposto no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia.

- A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a achega establecida na cláusula segunda, así como á difusión e promoción do itinerario gastronómico.

CUARTA.- RELACIÓN CONTRACTUAL



A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións das accións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. A mancomunidade será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado pola Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO



1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

1.1. No que respecta á xustificación dos gastos correspondentes ás **actuacións 1 e 2 (itinerario gastronómico e adquisición coche)**, a Mancomunidade deberá achegar a documentación establecida no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro:

a) Memoria xustificativa das actuacións realizadas.

b) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2. No caso dos gastos relativos á **actuación 3 (contratación dun técnico)**, a documentación establecida no artigo 9 do Decreto 193/2011:

a) Memoria xustificativa das actuacións realizadas.

b) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:


1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo para xustificar a aplicación dos fondos percibidos remata o **15 de decembro das anualidades 2017, 2018 e 2019**; no que respecta ás actuacións realizadas no ano 2020, deberá achegarse a documentación xustificativa las actuacións la liña 1 antes do **28 de febreiro de 2020**.



No que respecta aos gastos relativos á actuación 3 (contratación técnico) dos meses de decembro de cada anualidade 2017, 2018 e 2019, poderase presentar a documentación xustificativa no mes de xaneiro seguinte.

3. Conforme ao establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, esta documentación **incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.**

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

5. En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique a execución da totalidade das actuacións obxecto do convenio.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Mancomunidade deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se contabilizase o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos abonos das subvencións concedidas.



Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

6. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivesen incorrido como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **1 de xaneiro de 2017**.

7. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

8. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- SUBCONTRATACIÓN

A Mancomunidade poderán concertar con terceiros a **execución total** das actuacións que constitúen o obxecto da subvención. A contratación será realizada pola Mancomunidade conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, e será a Mancomunidade a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar. En todo caso haberá que aterse ao establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

OITAVA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Conforme ao artigo 6.1.Dous do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar pagamentos anticipados en relación coas actuacións **relativas a gastos das actuacións 1 e 2** cun máximo do 50% dos importes correspondentes a cada anualidade.

No que respecta **á actuación 3** poderá realizarse un pagamento anticipado por un importe do 80% da subvención concedida dos primeiros 18.000€, e dun 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000€ e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, segundo se establece no artigo 6.1.Un do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Estes anticipos supoñerán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia **a Mancomunidade queda exonerada da constitución de garantía.**


NOVENA.- PAGAMENTOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Os ditos pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos na cláusula anterior non será superior ao 80% das porcentaxes subvencionadas correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para proceder ao seu pagamento, deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida ao período xustificado. Os primeiros gastos xustificadas servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Conforme ao citado artigo 65.4.c) a **Mancomunidade queda exonerada da constitución de garantía.**



DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado pola Mancomunidade e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

DÉCIMA SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.


Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- 


- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes

DÉCIMA CUARTA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMO QUINTA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 28 de febreiro do 2020.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia

Mª Nava Castro Domínguez

O presidente da Mancomunidad

Don Juan Serrano López



ANEXO

O itinerario gastronómico desenvolverase nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro, e artellaríase da seguinte maneira:

7-8 outubro: xornada gastronómica no Cebreiro, propoñendo o queixo do Cebreiro, o cocido, a carne de porco ou o pan artesán como protagonista.

14-15 outubro: xornada gastronómica en Triacastela, propoñendo o queixo do Cebreiro como protagonista.

21-22 outubro: xornada gastronómica en Samos, propoñendo os biscoitos de Manjarín como protagonistas.

28-29 outubro: xornada gastronómica en Sarria, propoñendo o polbo ou os embutidos como protagonistas.

4-5 novembro: xornada gastronómica en Paradela, propoñendo as anguías como protagonistas.



11-12 novembro: xornada gastronómica en Portomarín, propoñendo as anguías, o roscón de Pascoa, a tarta de Áncano ou o augardente como protagonista.

18-19 novembro: xornada gastronómica en Monterroso, propoñendo o queixo de Arzúa-Ulloa como protagonista.

25-26 novembro: xornada gastronómica en Palas de Rei, propoñendo o queixo de Arzúa-Ulloa como protagonista.

2-3 decembro: xornada gastronómica en Melide, propoñendo o queixo de Arzúa-Ulloa, o polbo ou os melindres como protagonistas.

9-10 decembro: xornada gastronómica en Arzúa, propoñendo o queixo de Arzúa-Ulloa ou o capón como protagonista.

16-17 decembro: xornada gastronómica no Pino, propoñendo o queixo de Arzúa-Ulloa ou o galo piñeiro como protagonista.

Xaneiro: organizarase un xantar no Comedor Monumental do Hotel-Monumento San Francisco, en Santiago de Compostela. Neste acto, elixirase entre dous menús degustación que se confeccionarán cos produtos e pratos que resultaron gañadores nas xornadas realizadas en cada un dos concellos.

